

Addenda ao Acordo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Traballo e Benestar para a impartición de programas de cualificación profesional inicial

En Santiago de Compostela, vinteseis de setembro de dous mil doce

REUNIDOS

Dunha parte, don Jesús Vázquez Abad, Conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia.

Doutra, dona Beatriz Mato Otero, Conselleira de Traballo e Benestar da Xunta de Galicia.

Interveñen en virtude das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei do Parlamento de Galicia 1 /1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta de Galicia e do seu Presidente.

EXPOÑEN

1. Que en data dezaioito de outubro de dous mil dez asinouse un acordo de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Consellería de Traballo e Benestar, para a impartición de programas de cualificación profesional inicial (PCPI) na modalidade C.

2. Que este acordo establece na súa cláusula oitava que para cada curso escolar asinaranse a addenda ou as addendas correspondentes a este acordo de colaboración, nas que se especificarán os PCPI a impartir e as entidades que colaboran, así como a súa asignación orzamentaria correspondente.

En consecuencia, ante a curso escolar 2012-2013, ambas consellerías subscriben esta addenda, que se rexerá polas seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. O estipulado na cláusula oitava do referido acordo, quedará redactado da seguinte forma:

Para o curso escolar 2012-2013 a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, tendo en conta as posibilidades de establecemento de convenios coas empresas e as institucións do contorno e as características e necesidades do alumnado solicitante, autorizará a impartición de calquera dos perfís relacionados no anexo, nos centros que a continuación se relacionan, e en colaboración coas entidades que corresponda e coa Consellería de Traballo e Benestar:

Ferrol:

- IES de Catabois.
- IES Canido.
- IES Ferrol Vello.

Fene:

- IES de Fene.

Narón:

- CPI do Feal.



- IES As Telleiras.

Neda:

- IES Fernando Esquío.

A Coruña

- IES Urbano Lugrís.

Segunda. Polo que respecta á cláusula quinta do acordo o financiamento dos custos directos e asociados (agás os custos de docencia) derivados da impartición dos módulos específicos referidos ás unidades de competencia correspondentes a cualificacións de nivel 1 do Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais, como son os gastos de funcionamento e demais gastos ocasionados coas actividades formativas, e as axudas dos alumnos será con cargo á aplicación orzamentaria 12.05.323A.229 que para tal fin utiliza a Consellería de Traballo e Benestar.

Terceira. Esta addenda terá a vixencia do curso escolar 2012/2013. O acordo poderá prorrogarse por acordo expreso das partes mediante a addenda correspondente. Así mesmo, poderá ser denunciado por calquera das partes por incumprimento das obrigas nel previstas. En todo caso, a denuncia non terá efecto ata a finalización das accións formativas que se estean levando a cabo.

Lida a presente Addenda, atópana conforme e asínana no lugar e data indicados.

**O Conselleiro de Cultura, Educación e
Ordenación Universitaria**

A Conselleira de Traballo e Benestar

Jesús Vázquez Abad

Beatriz Mato Otero



Anexo

Perfís de programas de cualificación profesional inicial autorizados no curso 2012-2013 na modalidade C mixta

Actividades físicas e deportivas

PCPI de asistencia en actividades e en instalacións deportivas

Administración e xestión

PCPI de servizos administrativos

Agraria

PCPI de xardinaría e viveirismo

PCPI de producións agrícolas

PCPI de arranxos florais

PCPI de gandaría

PCPI de aproveitamento forestal e conservación e mellora de montes

Artes e artesanías

PCPI de moldes e pezas cerámicas artesanais

Artes gráficas

PCPI de reprografía

PCPI de operacións en industrias gráficas

Comercio e márketing

PCPI de comercio

Edificación e obra civil

PCPI de albanelaría

PCPI de revestimentos de obra

Electricidade e electrónica

PCPI de instalacións electrotécnicas e de telecomunicacións

PCPI de montaxe de redes eléctricas

PCPI de montaxe e mantemento de equipamentos eléctricos e electrónicos

Fabricación mecánica

PCPI de fabricación mecánica

Hostalaría e turismo

PCPI de cociña

PCPI de servizos de restauración

PCPI de aloxamento



PCPI de pastelería

Imaxe persoal

PCPI de estética

PCPI de peiteado

Industrias extractivas

PCPI de pedra natural

Informática e comunicacións

PCPI de informática

Instalación e mantemento

PCPI de fontanaría, calefacción e climatización domésticas

Madeira, moble e cortiza

PCPI de carpintaría

Química

PCPI de almacenaxe en industrias e laboratorios químicos

Sanidade

PCPI de traslado e mobilización en centros sanitarios

Servizos socioculturais e á comunidade

PCPI de emprego doméstico

PCPI de limpeza de edificios, locais e moblaxe

Téxtil, confección e pel

PCPI de costura

PCPI de reparación de calzado e marroquinaría

PCPI de tapizaría

PCPI de cortinaxe e complementos de decoración

PCPI de lavandaría

Transporte e mantemento de vehículos

PCPI de mantemento de vehículos

PCPI de mantemento estrutural e superficial de embarcacións

Vidro e cerámica

PCPI de cerámica



2012									
PCPI	CENTRO	ACCIÓN FORMATIVA	ALUMNOS	HORAS CURSO	MODULO €	IMPORTE FORMACIÓN	DIAS LECTIVOS	IMPORTE MODULO AXUDAS	TOTAL
PASTELARÍA	CPI FEAL-NARÓN	XXHOTR0148 Pastelería	15	110	5,55	9.157,50	46	6.463,00	15.620,50
COMERCIO	IES FERNANDO ESQUÍO-NEDA	XXCOML0003 Actividades auxiliares de almacén	15	100	5,80	8.700,00	46	6.463,00	15.163,00
SERVIZOS DE RESTAURACIÓN	IES CANIDO-FERROL	XXHOTR0086 Axudante de servizos de restauración	15	120	5,55	9.990,00	46	6.463,00	16.453,00
CARPINTARIA	IES CATABOIS-FERROL	XXMAMS0004 Operario de carpintería	15	102	7,15	10.939,50	46	6.463,00	17.402,50
COMERCIO	IES CATABOIS-FERROL	XXCOMV0028 Auxiliar de comercio	15	120	5,55	9.990,00	46	6.463,00	16.453,00
COMERCIO	IES FERROL VELLO-FERROL	XXCOMV0028 Auxiliar de comercio	15	120	5,55	9.990,00	46	6.463,00	16.453,00
COMERCIO	IES AS TELLEIRAS-NARÓN	XXCOMV0028 Auxiliar de comercio	15	120	5,55	9.990,00	46	6.463,00	16.453,00
LIMPEZA DE EDIFICIOS, LOCAIS E MOBLAXE	IES FENE-FENE	XXSSCL0019 Limpeza de inmobles	15	100	4,45	6.675,00	46	6.463,00	13.138,00
COMERCIO	IES URBANO LUGRÍS	XXCOMV0028 Auxiliar de comercio	15	120	5,55	9.990,00	46	6.463,00	16.453,00
									143.589,00

2013									
PCPI	CENTRO	ACCIÓN FORMATIVA	ALUMNOS	HORAS CURSO	MODULO €	IMPORTE FORMACIÓN	DIAS LECTIVOS	IMPORTE MODULO AXUDAS	TOTAL
PASTELARÍA	CPI FEAL-NARÓN	XXHOTR0148 Pastelería	15	128	5,55	10.656,00	106	14.893,00	25.549,00
COMERCIO	IES FERNANDO ESQUÍO-NEDA	XXCOML0003 Actividades auxiliares de almacén	15	118	5,80	10.266,00	106	14.893,00	25.159,00
SERVIZOS DE RESTAURACIÓN	IES CANIDO-FERROL	XXHOTR0086 Axudante de servizos de restauración	15	138	5,55	11.488,50	106	14.893,00	26.381,50



XUNTA DE GALICIA

CARPINTARIA	IES CATABOIS-FERROL	XXMAMS0004 Operario de carpintería	15	123	7,15	13.191,75	106	14.893,00	28.084,75
COMERCIO	IES CATABOIS-FERROL	XXCOMV0028 Auxiliar de comercio	15	138	5,55	11.488,50	106	14.893,00	26.381,50
COMERCIO	IES FERROL VELLO-FERROL	XXCOMV0028 Auxiliar de comercio	15	138	5,55	11.488,50	106	14.893,00	26.381,50
COMERCIO	IES AS TELLEIRAS-FERROL	XXCOMV0028 Auxiliar de comercio	15	138	5,55	11.488,50	106	14.893,00	26.381,50
LIMPEZA DE EDIFICIOS, LOCAIS E MOBLAXE	IES FENE-FENE	XXSSCL0019 Limpeza de inmobles	15	118	4,45	7.876,50	106	14.893,00	22.769,50
COMERCIO	IES URBANO LUGRÍS	XXCOMV0028 Auxiliar de comercio	15	138	5,55	11.488,50	106	14.893,00	26.381,50
As axudas ás que teñen dereito os alumnos son as reguladas no artigo 22 da Orde do 30 de decembro de 2011 (DOG 10/01/2012)									233.469,75

Módulos transversais obrigatorios:

F0003-Inserción laboral, sensibilización ambiental e na igualdade de xénero (10 horas)

F0005-Igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica (8 horas)